

• REDUCCIÓN DE TAXAS

Ao alumnado menor de 18 anos ou persoas xubiladas con ingresos anuais netos menores de 3.971€ por cada membro da unidade familiar.

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ENTREGAR:

- a. **Libro de familia:** copia das follas de todos os membros da unidade familiar.
- b. **Certificación da Axencia Tributaria ou declaración da Renda** das rendas de todos os membros da unidade familiar no ano 2018 (tanto se é conxunta como individual) ou da exención de presentala.
- c. **Certificado de empadramento** de todos os membros da unidade familiar que vivan no domicilio do/a alumno/a. No caso de que o/a alumno/a non estea empadroadado/a no domicilio dos seus pais, deberán acreditarse documentalmente as razóns desta situación, e esixirse a presentación de certificacións da Axencia Tributaria segundo o caso concreto.

Nos casos de situacións familiares distintas das expostas, ou de dubidosa concreción, poderase solicitar unha documentación complementaria.

Estes documentos que se solicitan teñen que ser orixinais, e en ningún caso poden ser substituídos por copias.

TAXAS MUNICIPAIS:

- a. **Matrícula: 30 €.**
- b. **Mensualidades: 30 €.**

NOTA IMPORTANTE:

Non se reducirá o importe da matrícula nin das mensualidades ata que non se presente toda a documentación necesaria e sexa aprobada polo órgano competente do Consorcio para a Promoción da Música. Unha vez concedida a redución, procederase á devolución das cantidades aboadas de máis.

Data límite de entrega:

Para o alumnado matriculado ata o 31 de xullo, a data de entrega de documentación será entre o 16 e o 30 de setembro.

O alumnado matriculado a partir do 2 de setembro ten de prazo un mes natural.